

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 10 de maio de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

COFRADIA DE PESCADORES DE CAMBADOS		15.27941.-	REPARTO DE AXUDAS Á CONFRARIAS DE PESCADORES E PESCADORAS. FEDERACIÓN DE CONFRARIAS E AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2019
ENTRADA N.º <u>0019/577-E</u> Data <u>15-5-19</u>	SAIDA N.º _____ Data _____		

Examinadas as solicitudes de axuda a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras, formuladas ao abeiro das bases reguladoras, aprobadas pola Xunta de Goberno do 15 de febreiro de 2019, número de acordo 3.27598, cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €) e publicadas no BOP número 41 do 27/02/2019.

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 29/05/2019, de Intervención do 07/05/2019, e a restante documentación que figura no expediente.

Considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras do ano 2019, por importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €) con cargo á aplicación 19/410.4150.789.02 do vixente Orzamento provincial, da forma que figura no listado que xunta.

Concello	DNI/CIF	Terceiro	Obxecto da subvención	Importe
CAMBADOS	G36012847	COFRADIA DE PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS	ADQUISICION DE VEHICULO E OUTROS	9.864,55 €



O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 13 de maio de 2019

○ Secretario,

Por delegación do Servizo de Medio Ambiente
Segundo do art. 206 do RD 2568/86 data 25.01.2016.

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

COFRADIA DE PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS

